

NOVO MÓDULO DE REXISTRO DE VACINACIÓN (RVACU) EN IANUS

O 29 de xuño de 2026 iniciouse a fase de pilotaxe do novo módulo de Rexistro de Vacinación (RVACU) na Historia Clínica IANUS, deseñado para facilitar e mellorar o rexistro das vacinacións realizadas nos centros sanitarios.

A posta en funcionamento de RVACU incorpora novas posibilidades para o rexistro e a consulta da información vacinal:

- Rexistro de vacinas administradas fóra de Galicia, incluíndo as recibidas noutras comunidades autónomas, no estranxeiro ou no ámbito do Ministerio de Defensa, permitindo identificar correctamente o lugar no que se realizou a vacinación e evitando que estas administracións figuren como realizadas no sistema sanitario galego.
- Rexistro de vacinas non financiadas, permitindo incorporar á historia clínica a información sobre vacinas administradas aínda que non formen parte do Programa galego de vacinación.
- Rexistro de vacinacións históricas, facilitando a incorporación de información sobre vacinas recibidas con

anterioridade e contribuíndo a completar o historial vacinal da persoa.

- Configuración de campañas de vacinación, que facilita o rexistro das administracións ao permitir predefinir o produto vacinal e o lote, evitando que os profesionais teñan que introducir estes datos en cada rexistro.
- Descarga do informe de vacinación desde o propio aplicativo, dispoñible en tres idiomas (galego, castelán e inglés) e con diferentes formas de presentación da información, tanto por produto vacinal como por enfermidade, facilitando a consulta e o acceso á información vacinal por parte dos profesionais e das persoas usuarias.

Para facilitar o uso do novo módulo, os profesionais dispoñen dunha guía rápida de utilización, na que se recollen as principais funcionalidades e os aspectos necesarios para realizar correctamente o rexistro ([ligazón](#)).

Esta implantación supón un paso máis na mellora e evolución do sistema de rexistro da vacinación en Galicia, facilitando o traballo dos profesionais e contribuíndo a dispoñer dun rexistro máis completo e fiable das vacinacións realizadas.

NOVO CASO DE FEBRE HEMORRÁXICA CRIMEA CONGO EN SALAMANCA

O 13 de agosto de 2026 o Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias do Ministerio de Sanidade (CCAES) comunicou a confirmación dun novo caso de febre hemorráxica polo virus Crimea-Congo (FHCC). Trátase do cuarto caso confirmado de FHCC a nivel estatal no 2026, 3 casos en Castela e León e un caso en Castela-A Mancha. O último caso foi un home de 71 anos cuxa exposición máis probable foi a picadura dunha carracha nas dúas semanas previas ao inicio dos síntomas nunha zona rural da provincia de Salamanca preto de onde se detectaran casos con anterioridade. Dende o 2016, rexistráronse en España un total de 23 casos e 7 falecementos por FHCC (ver apéndice).

Ante estes achados, cómpre ter en conta a posibilidade da aparición desta enfermidade nunha persoa que viaxase á zona de España comentada e lle pícase unha carracha e lembrar as actuacións a seguir.

Cando unha persoa consulta nun centro sanitario por unha picadura de carracha, o manexo clínico será o habitual, advertindo de que consulte de novo se ten febre.

En Galicia a FHCC non se atopa entre as enfermidades máis frecuentes das transmitidas por carrachas e ata o de agora non se detectou ningún caso autóctono desta enfermidade.

Non obstante, ante unha persoa con febre repentina ($\geq 39^{\circ}\text{C}$) OU aparición brusca de polo menos dous dos seguintes síntomas: cefalea, dor muscular xeneralizado, conxuntivite, dor abdominal, náuseas, vómitos ou diarrea, que refire picadura de carracha nos 12 días antes do inicio dos mesmos, as actuacións serán as seguintes:

- Realizar seguimento, para descartar a aparición de manifestacións hemorráxicas nos 5 días despois do inicio de síntomas ou nos 9 días tras a picadura.
- De aparecer manifestacións hemorráxicas avisarase urxentemente ao 061 e ao SAEG para informar da sospeita dun caso de FHCC.
- Proporcionarase unha máscara cirúrxica ao doente que deberá ter posta ata o seu illamento no hospital de referencia.

Na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública pódese consultar o protocolo de vixilancia da FCHH ([ligazón](#)).

Aproveitamos para recordar a posibilidade de enviar a carracha para a súa identificación a través da [Rede Galega de Vixilancia de Vectoros](#) (REGAVIVEC), ademais da dispoñibilidade da aplicación [Garrapata Alert](#) [Venres].

APÉNDICE

NOVO MÓDULO DE REXISTRO DE VACINACIÓN (RVACU) EN IANUS

A imaxe permite visualizar a nova pantalla do módulo de RVACU en IANUS e as súas principais funcionalidades.

Novo rexistro dunha vacina/produto

☒ Administración ☐ Non administración

Data administración: 20-08-2026

Lugar de administración: Programa Galego de Vacinación (PGV)

Centro vinculado á administración: - Escolle -

☐ Histórico de outro centro do PGV

☐ Non financiada polo PGV

Vacina/ Produto: - Escolle -

Motivo de administración / Grupo de risco: - Sen datos -

Marca comercial: - Sen datos -

Lote: - Sen datos -

Via administración: - Sen datos -

Dosificación:


Localización de administración: - Escolle -

Observacións:

Cancelar Rexistrar

NOVO CASO DE FEBRE HEMORRÁXICA CRIMEA CONGO EN SALAMANCA

Casos humanos confirmados de febre hemorráxica de Crimea-Congo por provincias, España 2016-2026.



Elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias do Ministerio de Sanidade, con datos da Rede Nacional de Vixilancia epidemiolóxica (RENAVE) e os Servizos de vixilancia das Comunidades Autónomas.